Parlamento das Letras: Francisco Xosé Fernández Naval

Enviado o 1 Marzo 2012

Francisco Xosé Fernández Naval, Chisco para os amigos, ten saudades daquel neno que medraba á beira do Miño ourensán, pé da ponte, enviso no bafo burgueiro no que todo ficaba envolveito. Por iso, cando foi maior, profundou nos misterios da Filosofía e nas sabenzas docentes, aínda que pronto descubriu que o seu era o servizo público, ese darse aos demais que impulsa o corazón dos bos e xenerosos, e, sobre todo, soubo cedo que o seu mundo non sería sen a maxia da verba.

E velaí que aquel raparigo que soñaba os días apegado á Marconi do serán e imbando sesión dobres no cinema que fora do seu tío deu en poeta. E atrás dos versos viñeron as historias. Para grandes e pequenos. E os ensaios, traducións e libros de viaxes.

Pero a todo aquilo faltáballe algo, unha luz de nitrato de prata que fixase as emocións como engramas. E chegou Maribel e logo Daniel, os máis queridos.

Hoxe sementa palabras como quen reparte roscas tramadas nun aveludado licandor de secretísima receita. E por veces traen recendos de bosques de dolmens e outras cegueiras crepusculares, en ocasións son o eco xordo das sombras no labirinto e en non poucos casos citas co aire, bailes imposibles ou historias roubadas, lendas de onte como soños de mañá, misterios turcos, mexicanos e doutras latitudes e, sempre, sempre, días de cera en pavillóns estraños, en aras solares e mares de aquí e de acolá, dublinescas sombrías, suites do Pai Miño coas que volta, decote, á fonte abagañada da hora primeira.

Dese manancial abrollan tamén as palabras que discorren, fluviais, por este Parlamento, espellando nas súas augas unha biografía literaria intensa e reveladora.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O primeiro texto que publiquei foi nunha revista que se facía en Ourense a finais da década dos setenta, titulada *Doble Cero*. Logo escribín varias colaboracións para o xornal *La Región* e xa, en 1980, na editorial Limbo de Manuel Catoira, publiquei o primeiro libro de versos titulado *A fonte abagañada*.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Eu non empregaría a expresión “mellor tratada”, xa que, en xeral, non me considero nin ben nin mal tratado pola crítica. Agora ben, as obras que penso tiveron máis eco entre crítica e público foron *O bosque das antas*, a novela que obtivo o premio Xerais no ano 1988, e *Bater de sombras*, o libro de versos que gañou o premio Fiz Vergara Vilariño no ano 2010.

Algúns compañeiros poetas dinme que *Mar de Lira* foi un libro ignorado ou que pasou desapercibido para unha parte da crítica, dos medios de comunicación e do público. Sempre pensei que o ensaio *Respirar polo idioma: os galego e Julio Cortázar* puido ter un percorrido maior, pero se teño que falar dun libro invisible, este foi *Tempo de crepúsculo*, a miña segunda novela.

Son varias as circunstancias que inflúen na acollida dun libro por parte do público e o tratamento que lle dá a crítica. *Tempo de crepúsculo*, por exemplo, saíu en mal momento, en pleno verán, e cando se fixo o esforzo de promoción, o libro xa non estaba nas librarías.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Coido que non. Ultimamente cambiei o hábito de escribir pola noite e agora traballo pola tarde, aínda que cando máis me gustaría facelo é pola mañá, pero non me deixa a xornada laboral.

Fun quen de me adaptar ás tecnoloxías. En ordenador escribo os artigos e colaboracións máis breves e tamén relatos e novelas, aínda que sempre me acompaño de cadernos de notas nos que, ás veces, escribo non só anotacións, senón parágrafos ou capítulos enteiros. O que si necesito escribir primeiro a man son os poemas. Podo traballar no ordenador cando o libro de versos está feito, pero antes preciso telos en papel e vou enchendo cadernos coas sucesivas versións.

Non é un hábito, si unha curiosidade, algo singular ao que me refiro moitas veces: a ducha matinal. Nela é onde nacen as ideas mellores, as conexións ou matices máis sorprendentes. Cada mañá procuro ir ao baño co

caderno de notas, non sexa que veña unha idea e non a poida apreixar.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Contestar esta pregunta suporía considerar pola miña parte que son merecente de figurar nesa antoloxía, cousa que non teño nada clara e que, en calquera caso, non me corresponde determinar a min. Síntome parte, iso si, do grupo de autores que empezamos a publicar con regularidade nos anos oitenta, que vivimos o final do franquismo, a Transición e esta democracia esvaída.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Como narrador interésanme os seres humanos comúns, anónimos, que, ás veces, enfrontan algo extraordinario nas súas vidas, algo que os sorprende, que destrúe o seu mundo e ao que deben responder. Ás veces ese algo é simplemente un sentimento, un afecto perdido, unha vida sen estímulos. Esa capacidade de resposta, ese valor ou covardía para enfrontar os feitos, é algo que penso aparece reflectido no que escribo.

A memoria como elemento esencial do ser individual e tamén da comunidade. A individualidade e a identidade están na memoria. Eu vivín varios casos de Alzheimer no contorno familiar máis próximo. Unha das miñas tías, nunha fase avanzada da enfermidade, quixo matar a miña nai, que era a persoa que máis quería. Non sei que grao de percepción dos demais, dos agarimos e dos bicos que reciben ata o final, pode ter un enfermo sen memoria, pero hai un momento no que escacha a relación, o enfermo non se recoñece e deixa de recoñecer o outro. Eu pasaríame a vida escribindo a historia persoal, familiar, da miña comunidade, procurando acumular toda a memoria posible, como antídoto contra o esquecemento, o illamento e a perda da identidade.

Unha visión poética das cousas, coa que debo loitar cando traballo a narración. “Radiador, ruiseñor de la noche”, escribiu Jorge Guillén, porque ata o radiador é susceptible de se converter en materia poética.

Aprendín, tamén, a non ter medo, nin aos asuntos a tratar nin ás dificultades e esforzo que ese tratamento requiren.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Hai un libro que sempre me acompaña e que releo con frecuencia, aínda o lin de novo este verán: *Os fillos do Capitán Grant*, de Xulio Verne, nunha edición de Bruguera que foi o agasallo que me mercou a miña nai cando aprobei terceiro de bacharelato.

Volvo tamén a Cunqueiro e a Otero Pedrayo. Cunqueiro é o pracer e a alegría de ler, en Otero aprendo a comprender mellor a xeografía complexa de Galicia e tamén a súa dimensión humana en historias como *O mesón dos ermos* ou *Arredor de si*, pero tamén a nosa cultura e os xeitos de se expresar.

Sempre andan arredor Ferrín e José Ángel Valente, Gamoneda, Borges e Cortázar de quen, por certo, veño de traducir ao galego o relato "Autoestrada do sur". William Faulkner é outra referencia constante, como o son, tamén, Rimbaud, Italo Calvino, William B. Yeats, Valle Inclán, Blanco Amor ou Seamus Heaney.

Gozo coas *Mil e unha noites* ou coas *Metamorfoses* de Ovidio. Gústame toda a literatura relacionada co mar e aprendo da escrita por mulleres: Doris Lessing, Marilar Aleixandre, Virginia Woolf, Rosalía, Luz Pozo, Elena Poniatowska, Anxos Sumai, Iris Murdoch ou Eva Veiga.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltalle compromiso e promoción. Compromiso por parte da sociedade galega e promoción por parte das institucións. Coordino dende hai dous anos un club de lectura en galego na biblioteca Miguel González Garcés da Coruña e podo percibir que os lectores gozan dos libros que len, tendo en conta que lemos un libro cada 15 días e que imos traballando varias liñas: clásicos que xa non están e outros vivos, autores contemporáneos, incluíndo as e os máis novos. Para moitos deles é unha sorpresa marabillosa descubrir unha literatura tan rica, tan plural, tan ben escrita. Hoxe, aínda con algunha eiva, a literatura galega responde á sociedade da que nace

e dialoga coas outras literaturas do mundo. Porén, a maioría dos galegos ignoran este feito e dáme a sensación de que a maior parte dos lectores posibles só reparan nos nosos escritores cando estes triúnfan fóra. Penso, tamén, e niso concordo con Xurxo Borrazás, que non escribimos literatura galega, facemos literatura que é galega pola lingua, sabendo tamén que a sociedade na que o escritor vive reflíctese na súa escrita.

Tamén falta protección. Non queremos unha literatura subvencionada, pero todas as administracións da nosa contorna apoian as súas literaturas cun compromiso maior que o que existe aquí e, ao cabo, todos os sectores están subvencionados: os medios de comunicación, as eléctricas, a automoción, o téxtil, a pesca e o marisqueo, o viño... Sei do que falo, que polo meu traballo xestionei durante moito tempo axudas para os sectores produtivos, pero hai a quen se lle enche a boca cando fala de que esta nosa é unha cultura subvencionada.

Eu boto moito de menos, tamén, unha profesionalización maior, non dos escritores, si do sistema. Carecemos, por exemplo, de axentes literarios, algo esencial no mundo no que nos movemos.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Un libro, tantas veces adiado, que contase a miña relación co cine dende a infancia ata a adolescencia. Porque eu medrei nun cine, o Xesteira de Ourense, que construíra un tío avó e no que traballou o meu pai ata a xubilación. Con el estaba cando vin a película *Cinema Paradiso* e tiven a sensación de que o que eu contaba estaba alí. Dende entón doulle voltas ao asunto, para atopar outro xeito de me achegar á emoción que o cine foi para min durante a infancia e que aínda segue sendo e quixera dar con el antes de que se me esgote o tempo ese do que falas.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Penso que xa respondín. Se valoramos o actual momento histórico, coido que nunca se escribiu e publicou tanta literatura que estivera en plano de igualdade coa que se fai en calquera outro lugar do mundo. Agora, vexo con preocupación o momento actual. Hai moitos autores que teñen dificultade para publicar a súa obra, xa que desapareceron varias editoriais nos últimos anos e as que resisten aplican programas de axuste e aforro, por mor dos tempos. Isto pode causar un grave quebranto, particularmente no teatro, o ensaio e a poesía, pero tampouco a narrativa está libre do perigo de acumulación de obras non publicadas, o que impide un desenvolvemento natural dunha literatura.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Só agradecer esta oportunidade de dialogar contigo e, tamén, o esforzo xeneroso que realizas semana a semana e mes a mes, por facer visibles as novidades literarias. Grazas, tamén, polo teu traballo de tradutor.

E finalmente, aproveitar todos os espazos e momentos para reclamar un tratamento diferente para a lingua. A ecuación da que nos queren convencer é falsa, acontece con ela o que sucede coa Física Cuántica cando lle aplicamos os criterios da Física Tradicional. É necesario definir e apostar por un sistema de discriminación positiva, buscar unha nova ecuación que axude a garantir a súa supervivencia, algo semellante ao definido por Heisenberg no seu Principio de Incerteza aplicado á Física e, para empezar, hai que recuperar o consenso político e social arredor do galego.